

## Concello de Viveiro

---

### ACTA DA XUNTA DE GOBERNO

#### **SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL CORRESPONDENTE O DÍA CATRO DE DECEMBRO DE 2017. EXPTE. 6695/2017.**

#### **ASISTENTES:**

D<sup>a</sup>. MARIA LOUREIRO GARCIA

D. JESUS ANTONIO FERNANDEZ CAL

D<sup>a</sup>. LARA FERNANDEZ FERNÁNDEZ-NORIEGA

#### **INTERVENTOR POR DELEGACIÓN:**

D. SERGIO AGUADO DELICADO

#### **SECRETARIA XERAL:**

D<sup>a</sup>. MARILUZ BALSA RÁBADE

Na Casa do Excmo. Concello de VIVEIRO, sendo as 13:30 do día 04 de decembro de 2017, baixo a Presidencia da Sra. Alcaldesa, D<sup>a</sup>. María Loureiro García, e coa asistencia dos Sres. Concelleiros relacionados anteriormente, así como a da Secretaria Xeral, D<sup>a</sup>. María Luz Balsa Rábade, ten lugar a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local, en primeira convocatoria.

Excusa verbalmente a súa asistencia os concelleiros, D<sup>a</sup>. María Isabel Rodríguez López e D. Jesús Fernández Fernández.

Á hora sinalada para este acto polo Sra. Alcaldesa, declárase aberto o mesmo



## Concello de Viveiro

---

### **1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN LEVADA A CABO O DÍA 27-11-17.**

Non existindo ningunha obxección, procédese á aprobación da acta da sesión de 27 de novembro de 2017.

### **2.- DACIÓN DE CONTA DE RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA DICTADAS POR AVOCACIÓN DE COMPETENCIAS.**

#### **RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA.**

Por parte da Sra. Alcaldesa, D<sup>a</sup>. María Loureiro García, dáse conta das Resolucións feitas pola Alcaldía mediante a avocación de competencias delegadas na Xunta de Goberno Local, que se corresponden cos seguintes expedientes: EXPTE. 2836/2017.- EXPTE. 6384/2017.-

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

Darse por informada dos Decretos ditados pola Alcaldía por avocación de competencias, entendendo que en tódolos casos existía motivación suficiente da urxencia para a súa realización.

### **3.- ESCRITOS E COMUNICACIÓNS.**

#### **EXPTE. 6648/2017.- AXUDA NO FOGAR.**

Visto a solicitude do servizo de axuda no fogar presentada por D. José Ramón Vale López, con domicilio en Pedregal n.º 34, 27861 Covas, en Viveiro.

Visto o informe da traballadora social no que propón conceder o servizo de axuda no fogar solicitado coas seguintes características:

Contidos prestacionais:	Atencións de carácter persoal e doméstico.
Capacidade económica da persoa usuaria:	>150%<200% IPREM
Aportación económica:	20%
Custo directo do servizo que satisfará o Concello:	80%
Duración do servizo:	6 horas semanais
Revisión do mesmo:	Pendente resolución PIA dependencia
Disponibilidade de alta efectiva ou paso a lista de agarda:	Alta efectiva

---

## Concello de Viveiro



## Concello de Viveiro

---

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

Primeiro.- Conceder o servizo de axuda no fogar a D. José Ramón Vale López, coas características especificadas no informe da traballadora social, con alta efectiva, sinalando que non debe sobrepasarse o importe establecido no orzamento para dito servizo.

Segundo.- Dar traslado do presente acordo ó Departamento de Servizos Sociais para o seu coñecemento e notificación ao interesado.

### **EXPTE. 6698/2017.- AXUDA NO FOGAR.**

Visto a solicitude do servizo de axuda no fogar presentada por D. Ramón Vázquez López, con domicilio na Avda. Cantarrana, n.º 20-1º G, Covas, en Viveiro.

Visto o informe da traballadora social no que propón conceder o servizo de axuda no fogar solicitado coas seguintes características:

Contidos prestacionais:	Atencións de carácter persoal e doméstico.
Capacidade económica da persoa usuaria:	>250% IPREM
Aportación económica:	60%
Custo directo do servizo que satisfará o Concello:	40%
Duración do servizo:	6 horas á semana
Revisión do mesmo:	Pendente resolución PIA dependencia
Disponibilidade de alta efectiva ou paso a lista de agarda:	Alta efectiva

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

Primeiro.- Conceder o servizo de axuda no fogar a D. Ramón Vázquez López, coas características especificadas no informe da traballadora social, con alta efectiva, sinalando que non debe sobrepasarse o importe establecido no orzamento para dito servizo.

Segundo.- Dar traslado do presente acordo ó Departamento de Servizos Sociais para o seu coñecemento e notificación ao interesado.

### **EXPTE. 660/2017.- DEVOLUCIÓN DE AVAL.**

Visto o escrito presentado por D<sup>a</sup>. Belén Vale López, en nome e representación da Comunidade de Propietarios Avda. Villalba, 3A-3B, no que solicita a devolución da fianza depositada en concepto de garantía da correcta execución das obras, por importe de 400,00 euros.

Visto o informe do vixiante urbanístico, no que se indica que o espazo

---

## Concello de Viveiro



## Concello de Viveiro

---

público quedou en perfectas condicións, polo que estima procede a devolución da fianza.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

Primeiro.- Proceder á devolución da fianza depositada por D<sup>a</sup>. Belén Vale López, en nome e representación da Comunidade de Propietarios Avda. Villalba, 3A-3B en concepto de garantía da correcta execución das obras, por importe de 400,00 euros.

Segundo.- Dar traslado do presente acordo ao Departamento de Tesourería para proceder á súa devolución e notificación á interesada.

### **EXPTE. 6751/2017.- DEVOLUCIÓN DE AVAL.**

Visto o escrito presentado por D. Manuel Francisco Molina Martín, con domicilio a efectos de notificación na Calle Real, n.º 102-3ºC, 28703 San Sebastian de los Reyes, Madrid, no que solicita a devolución da fianza depositada en concepto de garantía da correcta execución das obras a realizar no espazo público co expte. 3219/2017, por importe de 150,00 euros.

Visto o informe do vixiante urbanístico, no que se indica que o espazo público quedou en perfectas condicións, polo que estima procede a devolución da fianza.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

Primeiro.- Proceder á devolución da fianza depositada por D. Manuel Francisco Molina Martín, en concepto de garantía da correcta execución das obras, por importe de 150,00 euros.

Segundo.- Dar traslado do presente acordo ao Departamento de Tesourería para proceder á súa devolución e notificación ao interesado.

### **4.- ENTRONCAMENTO.**

#### **EXPTE. 6644/20017.-**

#### **A.- AUTORIZACIÓN DE ENTRONCAMENTO Á REDE DE SUMIDOIROS.**

Vista a solicitude da Comunidade de Propietarios Antonio Bas 4 e Jesús Noya 2 , co número de expediente de Víaqua, 30/17, veciño de Xove e domicilio a efectos de notificación en Antonio Bas 4-Jesús Noya 2 , en

---

## Concello de Viveiro



## Concello de Viveiro

---

Viveiro, para realizar o entronque á rede de sumidoiros o edificio de vivendas, para a finca con referencia catastral 3556709PJ1335N, sita en Antonio Bas 4 e Jesús Noya 2, Viveiro, para o tipo de obra: edificio vivendas.

Resultando que no informe emitido pola empresa concesionaria deste servizo se recollen os seguintes aspectos:

Rede xeral do posible entroncamento	PVC Ø 315
Diámetro da acometida	PVC Ø 160
Lonxitude da acometida	3
Terreo	ACERA
Observacións	CONEXIÓN A POZO EXISTENTE

Tendo en conta que segundo o referido en dito informe é preciso a realización de obras para levar a cabo a acometida, polo que a autorización para dito entronque non pode concederse sen que o interesado teña presentada a comunicación previa ou concedida a oportuna licenza urbanística para a realización das obras precisas para realizar o entronque.

Resultando que consta no expediente a presentación de comunicación previa para a realización de ditas obras, contando co visto e prace do arquitecto municipal.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

Primeiro.- Autorizar o entroncamento á rede de sumidoiros solicitada pola Comunidade de Propietarios Antonio Bas 4 e Jesús Noya 2 , debendo aboar as taxas municipais correspondentes, por un importe de 14,68 euros, no Banco Sabadel, no número de conta: ES51. 0081. 2146. 98. 0001000001, segundo o art. 5.1 da Ordenanza.

Segundo.- Notificar este acordo ó interesado e á empresa Viaqua, S.A.U.

Terceiro.- Dar traslado do presente acordo a Xestión Tributaria para o seu coñecemento e efectos de notificación ao Departamento de Tesourería e ós interesados.

### **5.- RECOÑECIMENTO E LIQUIDACIÓN DE OBRIGAS.**

#### **EXPTE. 6411/2017.- OBRIGAS CON REPARO.**

Vista a relación de obrigas correspondentes ao expte. 6411/2017.

Visto o informe de reparo emitido pola Intervención en data 14 de

---

### Concello de Viveiro

## Concello de Viveiro

---

novembro de 2017, mediante o que se formula reparo suspensivo sobre a relación de obrigas para a Xunta de Goberno Local, emitidas por **Xenera Compañía Eléctrica S.A**, por un importe total de **221,39 €**, que constan no expediente **6411/2017**.

Resultando que en data 24 de novembro de 2017, por parte de Alcaldía se procedeu ao levantamento do reparto formulado pola Intervención, en base aos seguinte:

*"Tendo en conta que no informe referido, por parte da Intervención, se indica que:*

*"1. Existe consignación no vixente Orzamento Xeral na aplicación que se indica na relación de facturas anteriores, polo importe total de **221,39 €**.*

*2. Segundo o artigo 214 do TRLRFL, a función interventora ten por obxecto entre outros, fiscalizar todos os actos das entidades locais que dean lugar ao recoñecemento e liquidación de obrigas e gastos de contido económico e os pagos que de aqueles se deriven, co fin de que a xestión se axuste ás disposicións aplicables en cada caso."*

*Tendo en conta o reparo suspensivo se motiva na disconformidade na tramitación dos gastos que se reflicten nas facturas obxecto de informe, en canto supoñen gastos realizados sen os trámites de consignación orzamentaria previa, aínda que a teñen, sen fiscalización previa e omitir outros requisitos e trámites esenciais dos procedementos de contratación ao non ter cobertura como contrato menor por ter unha duración superior a un ano sendo gastos periódicos e repetitivos, e por non existir contrato administrativo vixente segundo se deduce doutros expedientes de facturas de enerxía eléctrica.*

*Tendo en conta que o listado de obrigas reparadas se corresponde con facturas da empresa **Xenera Compañía Eléctrica SA**, referidas ao subministro de enerxía eléctrica, e que por parte da Intervención Municipal (noutro expediente de facturas de enerxía eléctrica) se indicou que, ao non ter cabida como contrato menor, debería tramitarse un procedemento aberto con concorrencia e publicidade.*

*Resultando que neste Concello non se conta con ningún expediente de contratación realizado para ningún dos subministros de enerxía eléctrica existentes, entendendo, polo tanto, que debería procederse á realización dun expediente de contratación aberto, con concorrencia e publicidade, que abranga todos os subministros existentes.*

*Tendo en conta os seguintes FUNDAMENTOS:*

*I. Que o artigo 217 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo establece que cando o órgano ó que afecte o reparo non estea de acordo con este corresponderá ao presidente da entidade local resolver a discrepancia, sendo a súa resolución executiva.*

*II. Tendo en conta a necesidade de realización dun expediente de contratación para a totalidade de subministros de enerxía eléctrica existentes.*

*III. Tendo en conta que a enerxía eléctrica constitúe un subministro indispensable para o funcionamento do concello, do que non se pode prescindir e que, en tanto non se leve a cabo o oportuno expediente de contratación, é preciso manter os contratos vixentes.*

*IV. Tendo en conta que se trata de facturas existentes no Concello e que polo tanto éste se atopa obrigado ao seu pagamento en virtude da teoría do enriquecemento inxusto, pola que debe existir unha correlativa compensación da Administración que recibe a prestación a favor do acreedor.*

*Esta Alcaldía dicta a seguinte RESOLUCIÓN:*

*1º.- Acordar o levantamento do reparo en base ao exposto nos fundamentos I, II, III e IV."*

Resultando que pola Alcaldía, mediante resolución de data 3 de xullo de 2015 se acordou delegar na XGL a competencia para a autorización, disposición e recoñecemento de gastos orzamentarios que requiran fiscalización previa.

Resultando que o reparo suspensivo formulado pola Intervención á mesma,



## Concello de Viveiro

---

foi levantado pola Alcaldía, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

Primeiro.- Aprobar a relación de facturas e obrigas que derivan das mesmas, recollidas na relación que figura no expediente 6411/2017.

Segundo.- Dar conta deste acordo ó Departamento de Intervención para o seu coñecemento, e proceder a súa notificación ós Departamentos de Tesourería e Servizos Económicos.

### **EXPTE. 6406/2017.- OBRIGAS CON REPARO.**

Vista a relación de obrigas correspondentes ao expte. 6406/2017.

Visto o informe de reparo emitido pola Intervención en data 14 de novembro de 2017, mediante o que se formula reparo suspensivo sobre a relación de obrigas para a Xunta de Goberno Local, emitidas por **Arriva Noroeste SL**, por un importe total de **6.015,27 €**, que constan no expediente **6406/2017**.

Resultando que en data 30 de novembro de 2017, por parte de Alcaldía se procedeu ao levantamento do reparto formulado pola Intervención, en base aos seguinte:

*"Tendo en conta que no informe referido, por parte da Intervención, se indica que:*

*"1. Existe consignación no vixente Orzamento Xeral na aplicación que se indica na relación de facturas anteriores, polo importe total de **6.015,27 €**.*

*2. Segundo o artigo 214 do TRLRFL, a función interventora ten por obxecto entre outros, fiscalizar todos os actos das entidades locais que dean lugar ao recoñecemento e liquidación de obrigas e gastos de contido económico e os pagos que de aqueles se deriven, co fin de que a xestión se axuste ás disposicións aplicables en cada caso."*

*O reparo suspensivo se motiva na desconformidade na tramitación dos gastos que se reflicten nas facturas obxecto de informe, en canto supoñen gastos realizados sen os trámites de consignación orzamentaria previa, aínda que a teñen, sen fiscalización previa e omitir outros requisitos e trámites esenciais dos procedementos de contratación ao non ter cobertura como contrato menor por ter unha duración superior a un ano sendo gastos periódicos e repetitivos e non consta contrato anterior para o mesmo obxecto e co mesmo acredor.*

*Ante a falta de medios persoais suficientes no Concello de Viveiro nestes momentos para poder actualizar e adecuar á vixente normativa todos os contratos existentes na actualidade e que viñeron perdurando ao longo do tempo, resulta preciso realizar unha planificación contractual, co obxectivo de poder tramitar todos os expedientes de contratación necesarios dun xeito paulatino e asumible polo persoal do que se dispón no servizo de contratación, cumprindo cuns principios de concorrencia, publicidade e mais principios contractuais establecidos pola normativa en materia de contratación pública.*

*Para a realización desta planificación por esta Alcaldía solicitouse ao Departamento de Contratación que recabase dos departamentos os datos necesarios para realizar unha proposta de planificación contractual.*

*A factura obxecto do reparo corresponde á empresa Arriva Noroeste SL, polo servizo de bonos para o transporte aos alumnos de titulacións universitarias ou ciclos formativos que non se imparten en Viveiro, que se considera esencial para a educación e a mocidade do noso municipio.*

---

## Concello de Viveiro

## Concello de Viveiro

---

*Tendo en conta os seguintes FUNDAMENTOS:*

*I. Que o artigo 217 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo establece que cando o órgano ó que afecte o reparo non estea de acordo con este corresponderá ao presidente da entidade local resolver a discrepancia, sendo a súa resolución executiva.*

*II. Tendo en conta que se deu orde de realizar a planificación contractual na que se incluíría este servizo.*

*III. Tendo en conta que este servizo resulta básico para contribuír no acceso da mocidade deste municipio aos estudos de nivel secundario e que, en tanto non se tramite o oportuno expediente de contratación, é preciso continuar coa súa prestación.*

*IV. Tendo en conta que se trata de facturas existentes no Concello e que polo tanto, este se atopa obrigado ao seu pagamento en virtude da teoría do enriquecemento inxusto, pola que debe existir unha correlativa compensación da Administración que recibe a prestación a favor do acredor.*

*Esta Alcaldía dita a seguinte RESOLUCIÓN:*

*1º.- Acordar o levantamento do reparo en base ao exposto nos fundamentos I, II, III e IV."*

Resultando que pola Alcaldía, mediante resolución de data 3 de xullo de 2015 se acordou delegar na XGL a competencia para a autorización, disposición e recoñecemento de gastos orzamentarios que requiran fiscalización previa.

Resultando que o reparo suspensivo formulado pola Intervención á mesma, foi levantado pola Alcaldía, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

Primeiro.- Aprobar a relación de facturas e obrigas que derivan das mesmas, recollidas na relación que figura no expediente 6406/2017.

Segundo.- Dar conta deste acordo ó Departamento de Intervención para o seu coñecemento, e proceder a súa notificación ós Departamentos de Tesourería e Servizos Económicos.

### **EXPTE. 6398/2017.- OBRIGAS CON REPARO.**

Vista a relación de obrigas correspondentes ao expte. 6398/2017.

Visto o informe de reparo emitido pola Intervención en data 14 de novembro de 2017, mediante o que se formula reparo suspensivo sobre a relación de obrigas para a Xunta de Goberno Local, emitidas por Electrotel, S. Coop. Galega, por un importe total de 1.498,46 €, que constan no expediente 6398/2017.

Resultando que en data 30 de novembro de 2017, por parte de Alcaldía se procedeu ao levantamento do reparto formulado pola Intervención, en base aos seguinte:

*"Tendo en conta que no informe referido, por parte da Intervención, se indica que:*

*"1. Existe consignación no vixente Orzamento Xeral na aplicación que se indica na relación de facturas anteriores, polo importe total de **1.498,46 €**.*

*2. Segundo o artigo 214 do TRLRFL, a función interventora ten por obxecto entre outros,*





## Concello de Viveiro

---

*fiscalizar todos os actos das entidades locais que dean lugar ao recoñecemento e liquidación de obrigas e gastos de contido económico e os pagos que de aqueles se deriven, co fin de que a xestión se axuste ás disposicións aplicables en cada caso."*

*O reparo suspensivo se motiva na desconformidade na tramitación dos gastos que se reflicten nas facturas obxecto de informe, en canto supoñen gastos realizados sen os trámites de consignación orzamentaria previa, aínda que a teñen, sen fiscalización previa e omitir outros requisitos e trámites esenciais dos procedementos de contratación ao non ter cobertura como contrato menor por ter unha duración superior a un ano sendo gastos periódicos e repetitivos e non consta contrato anterior para o mesmo obxecto e co mesmo acredor.*

*Ante a falta de medios persoais suficientes no Concello de Viveiro nestes momentos para poder actualizar e adecuar á vixente normativa todos os contratos existentes na actualidade e que viñeron perdurando ao longo do tempo, resulta preciso realizar unha planificación contractual, co obxectivo de poder tramitar todos os expedientes de contratación necesarios dun xeito paulatino e asumible polo persoal do que se dispón no servizo de contratación, cumprindo cuns principios de concorrencia, publicidade e mais principios contractuais establecidos pola normativa en materia de contratación pública.*

*Para a realización desta planificación por esta Alcaldía solicitouse ao Departamento de Contratación que recabase dos departamentos os datos necesarios para realizar unha proposta de planificación contractual.*

*A factura obxecto do reparo corresponde á empresa Electrotel S. Coop. Galega, polo mantemento dos reemisores de Faro, Covas e Escourido no período comprendido entre o 01/10-31/12/17, sendo necesario continuar realizando este mantemento para o seu funcionamento.*

*Tendo en conta os seguintes FUNDAMENTOS:*

*I. Que o artigo 217 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo establece que cando o órgano ó que afecte o reparo non estea de acordo con este corresponderá ao presidente da entidade local resolver a discrepancia, sendo a súa resolución executiva.*

*II. Tendo en conta que se deu orde de realizar a planificación contractual na que se incluíría este servizo.*

*III. Tendo en conta que este servizo resulta necesario para o funcionamento do mantemento dos reemisores do concello, do que non se pode prescindir e que, en tanto non se tramite o oportuno expediente de contratación, é preciso continuar coa súa prestación.*

*IV. Tendo en conta que se trata de facturas existentes no Concello e que polo tanto este se atopa obrigado ao seu pagamento en virtude da teoría do enriquecemento inxusto, pola que debe existir unha correlativa compensación da Administración que recibe a prestación a favor do acredor.*

*Esta Alcaldía dita a seguinte RESOLUCIÓN:*

*1º.- Acordar o levantamento do reparo en base ao exposto nos fundamentos I, II, III e IV."*

Resultando que pola Alcaldía, mediante resolución de data 3 de xullo de 2015 se acordou delegar na XGL a competencia para a autorización, disposición e recoñecemento de gastos orzamentarios que requiran fiscalización previa.

Resultando que o reparo suspensivo formulado pola Intervención á mesma, foi levantado pola Alcaldía, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

Primeiro.- Aprobar a relación de facturas e obrigas que derivan das mesmas, recollidas na relación que figura no expediente 6398/2017.

Segundo.- Dar conta deste acordo ó Departamento de Intervención para o seu coñecemento, e proceder a súa notificación ós Departamentos de

---

## Concello de Viveiro



## Concello de Viveiro

---

Tesourería e Servizos Económicos.

### **EXPTE. 6754/2017.- OBRIGAS.**

Vista a proposta do Concelleiro de Facenda, D. Jesús Fernández Fernández, coa conformidade da Intervención, para a aprobación de facturas e obrigas.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

Primeiro.- Aprobar a relación de facturas e obrigas que derivan das mesmas, que se recollen na proposta do concelleiro de facenda referente ao expediente 6754/2017.

Segundo.- Dar conta deste acordo ó Departamento de Intervención para o seu coñecemento, e proceder a súa notificación ós Departamentos de Tesourería e Servizos Económicos.

### **6.- PROPOSTAS DE GASTOS.**

Vistas as propostas de gasto presentadas polos Concelleiros, coa fiscalización previa de conformidade pola Intervención, certificando a existencia de crédito, cos números de expedientes: EXPTE. 5009/2017.- EXPTE. 5012/2017.- EXPTE. 5021/2017.- EXPTE. 5020/2017.- EXPTE. 6571/2017.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

Primeiro.- Aprobar a autorización dos referidos gastos.

Segundo.- Dar conta do presente acordo ao Departamento de Intervención e ós concelleiros proponentes das propostas de gasto aprobadas.

### **7.- LICENZAS URBANÍSTICAS.**

#### **EXPTE. 4934/2017.- PRÓRROGA DA LICENZA DE OBRA.**

Vista a solicitude de D. José María Cerdeiras Enríquez de Salamanca, presentada en data 24 de agosto de 2017 (N.º DE REXISTRO 5312) e domicilio a efectos de notificación na rúa Pastor Díaz, 45-baixo, en Viveiro, na que solicita unha prórroga para a licenza co expte. URB/89/2014.

Resultando que consta no expte informe técnico emitido poloa arquitecto municipal de Urbanismo, no que se sinala o seguinte:

*"A clasificación do solo segundo a OUP é solo de núcleo rural. Ordenanza 7 Atendendo á*

---

## Concello de Viveiro

## Concello de Viveiro

---

*normativa aplicábel, emítase INFORME FAVORÁBEL á solicitude de prórroga de finalización das obras autorizadas polo acordo de concesión de licenza de obras da Xunta de Goberno Local de 27 de agosto de 2014, (data de comunicación do acordo 1 de outubro de 2014)."*

Resultando que consta no expediente informe xurídico favorable emitido pola Secretaria Xeral do Concello, realizando as funcións de técnico xurídico de Urbanismo ,no que se indica o seguinte:

*En base aos seguintes ANTECEDENTES*

*En data 24 de agosto de 2017 (nº de rexistro 5312) preséntase escrito por D. José María Cerdeiras Enríquez de Salamanca, con DNI 00406876Y, e domicilio a efectos de notificación en Pastor Díaz, 45, baixo, Viveiro, no que se expón os seguintes:*

- *Que ten concedida licenza de obras maiores con referencia URB/89/2014, e soliita lle sexa concedida una prórroga para a mesma.*

*En base aos seguintes FUNDAMENTOS*

*I.- Da documentación obrante no expediente URB/89/2014, localizado no Departamento de Urbanismo puideron localizarse os seguintes datos:*

- *En data 27 de agosto de 2014 outorgouse a licenza de obra para a que se solicita a presente prórroga.  
Como condicións xerais estableceuse no acordo de concesión de licenza un prazo para o inicio das obras de seis meses e para o remate de tres anos. No referido acordo tamén se indicaba que o incumprimento dos citados prazos produciría a caducidade da licenza.  
Como condicións particulares estableceuse, entre outras, que o interesado debería achegar o prescriptivo proxecto de execución e oficios de dirección facultativa e dirección de execución de obras, visados regulamentariamente, para a súa verificación e autorización de inicio das obras. O incumprimento desta obriga impediría calquer actuación material de execución das obras.  
Non consta no expediente obrante no Departamento de Urbanismo a presentación da condición particular referida nin polo tanto acordo de autorización de inicio da execución das obras amparadas pola mesma.*

*II.- En data 24 de agosto de 2017 preséntase solicitude de prórroga, obxecto do presente informe.*

*Consta no expediente informe técnico á solicitude de prórroga, de data 30 de agosto de 2017, no que sinala o seguinte:*

*"CLASIFICACIÓN E CUALIFICACIÓN DO SOLO: A clasificación do solo segundo a OUP é solo de núcleo rural. Ordenanza 7  
Atendendo á normativa aplicábel, emítase INFORME FAVORÁBEL á solicitude de prórroga de finalización das obras autorizadas polo acordo de concesión de licenza de obras da Xunta de Goberno Local de 27 de agosto de 2014, (data de comunicación do acordo 1 de outubro de 2014)."*

*III.- A vixente normativa, Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do Solo de Galicia, e o Decreto 143/2016, de 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento da referida norma establecen nos seus artigos 145 e 359 respectivamente, o réxime de caducidade das licenzas.*

*En ambos artigos prevese a posibilidade de concesión de prórroga dos prazos de inicio e remate das obras referidos na licenza, previa solicitude expresa , sempre que a licenza fose conforme coa ordenación urbanística vixente no momento da concesión da prórroga. Cada prórroga que se solicite non poderá selo por prazo superior ao inicialmente acordado.*

---

## Concello de Viveiro

## Concello de Viveiro

---

*A diferenza da previsión anterior da LOUGA e RDU de Galicia, non se establece que a solicitude deba realizarse con anterioridade ao remate dos prazos para os que se solicita a prórroga, extremo esixido pola anterior normativa.*

*IV.- A caducidade das licenzas na vixente normativa do solo de Galicia require da tramitación de procedemento ao efecto con audiencia ao titular da licenza, en termos similares á anterior normativa.*

*Non consta no expediente obrante no Departamento de Urbanismo a tramitación de procedemento de caducidade da licenza para a que se solicita a prórroga.*

*V.- As disposicións transitorias da actual normativa non fan referencia alguna ao réxime previsto para a prórroga de licenzas concedidas con anterioridade á entrada en vigor da referida normativa, polo que se entende que deberá resultar de aplicación o réxime de prórroga previsto no seu articulado.*

### INFORMO

*Primeiro.- Que atendendo á solicitude presentada polo interesado en data 24 de agosto de 2017, e tendo en conta o sinalado no informe técnico, do que pode concluirse que a licenza é conforme coa ordenación urbanística vixente, en tanto que se indica que se informa favorablemente a concesión de prórroga solicitada, cabe o outorgamento de prórroga da licenza de obra concedida, en tanto a mesma non se atopa caducada a día de hoxe.*

*Segundo.- Que os prazos de prórroga a conceder non poden exceder dos inicialmente previstos no acordo de concesión, neste caso, seis meses para o inicio das obras e tres anos para o remate.*

*Terceiro.- No suposto de edificacións iniciadas, a concesión da prórroga estará condicionada a que a edificación sexa acabada exteriormente. No presente expediente non consta autorización de inicio das mesmas, posto que non consta así mesmo a presentación da documentación previa para dita autorización, polo que se entende que non resulta de aplicación o condicionante establecido na normativa vixente referido neste punto, de que a resolución da concesión de prórroga estará condicionada a que a edificación sexa acabada exteriormente."*

A Xunta de Goberno Local, en base aos informes obrantes no expediente, por unanimidade, acorda:

*Primeiro.- Conceder a D. José María Cerdeiras Enríquez de Salamanca, unha prórroga de seis meses para o inicio das obras e tres anos para o remate das obras autorizadas pola Xunta de Goberno, en sesión celebrada o día 27 de agosto de 2014, correspondentes á licenza urbanística URB/89/2014.*

*Segundo.- Dar traslado deste acordo ó Departamento de Urbanismo ós efectos da súa notificación ó interesado.*



## Concello de Viveiro

---

### **EXPTE. 4234/2017. PRÓRROGA DE LICENZA DE OBRAS.**

Vista a solicitude de D. Manuel Dapena González, en nome de FEGILCA, S.L., e domicilio a efectos de notificación na rúa Cidade de Vigo, 10, entrechán, 27002 Lugo, na que solicita unha prórroga para a licenza co expte. URB/137/2007.

Resultando que consta no expte informe técnico emitido polo arquitecto municipal de Urbanismo, no que se sinala o seguinte:

*"Segundo o disposto no artigo 145.2, Caducidade das licenzas da Lei 2/2016 do Solo de Galicia.*

*Os municipios poderán conceder prórroga dos referidos prazos da licenza, logo da solicitude expresa, sempre que a licenza sexa conforme coa ordenación urbanística vixente no momento da concesión da prórroga. Cada prórroga que se solicite non poderá ser por un prazo superior ao inicialmente acordado.*

*A licenza foi concedida, dentro do marco normativo amparado pola Ordenación Urbanística Provisional do Concello de Viveiro, pola Xunta de Goberno Local do 13 de abril de 2011 en execución de sentenza ditada o 27 de maio de 2009 polo Xulgado do Contencioso-Administrativo nº1 de Lugo*

*A Ordenación Urbanística Provisional segue vixente no Concello de Viveiro"*

Resultando que consta no expediente informe xurídico favorable emitido pola Secretaria Xeral do Concello, realizando as funcións de técnico xurídico de Urbanismo, no que se indica o seguinte:

*"En base aos seguintes ANTECEDENTES*

*En data 6 de xuño de 2017 (nº de rexistro 3390) preséntase escrito por D. Manuel Dapena González, con DNI 33853423E, en nome de FEGILCA S.L., con CIF B27168815, e domicilio na Rúa Cidade de Vigo 10, entrechán, C.P. 27002 Lugo, no que se expón os seguintes:*

- *Que a súa representada é titular da licenza de obra expte URB/137/2007, concedida en data 13 de abril de 2011, pola que se autoriza a construción de 10 vivendas unifamiliares aisladas na Estrada Viveiro-Ribadeo 114-116 en Celeiro-Viveiro.*
- *Que, de conformidade co disposto no artigo 359.5 do vixente Regulamento da Lei do Solo de Galicia, os seus efectos son plenamente válidos por canto non operou sobre a mesma a caducidade.*
- *Que por elo e de conformidade co disposto no apartado 3 do citado artigo 359 do Decreto 143/2016 na medida que a ordenación proposta para esa parcela é conforme coa do planeamento actualmente en vigor, é polo que solicita lle sexa expedida prórroga da citada licenza por idéntico prazo ao concedido na autorización da licenza inicial.*

*En base aos seguintes FUNDAMENTOS*

*I.- Da documentación obrante no expediente URB/137/2007, localizado no Departamento de Urbanismo puideron localizarse os seguintes datos:*

- *En data 13 de abril de 2011 outorgouse a licenza de obra para a que se solicita a presente prórroga.*  
*Como condicións xerais estableceuse no acordo de concesión de licenza un prazo para o inicio das obras de seis meses e para o remate de tres anos. No referido acordo tamén se establecía o réxime de caducidade do seguinte xeito:*

---

## Concello de Viveiro

## Concello de Viveiro

---

*"10. Réxime de caducidade: A licenza caducará nos supostos seguintes:*

- a) Cando non se iniciara a execución das actuacións amparadas por elas no prazo fixado na correspondente licenza ou, de non ter fixado prazo, no de seis meses, agás por causa non imputable ao titular da licenza.*
- b) Cando non se cumprise o prazo de remate fixado ou, no seu defecto, no de tres anos, agás por causa non imputable ao titular da licenza."*

*- En data 3 de novembro de 2011 acordouse pola Xunta de Goberno Local autorizar á titular da licenza ao inicio da execución das obras amparadas pola mesma.*

*- En data 31 de outubro de 2014 presentouse solicitude de prórroga para o remate das obras (acompañando escrito de inicio de obras presentado ante o Concello en data 8 de maio de 2012).*

*Previa resolución sobre a solicitude de prórroga referida realizouse polo vixiante urbanístico visita de inspección para comprobar o estado de eecución das obras, informando en data 10 de decembro de 2014 que non se iniciou obra alguna.*

*En data 8 de maio de 2015 pola Xunta de Goberno Local procedeuse á resolución da solicitude de prórroga presentada, en base ao informe emitido pola técnico xurídico do Departamento de Urbanismo, denegando a referida solicitude para rematar as obras autorizadas pola licenza concedida en data 13 de abril de 2011 por non terse formulado antes do prazo de tres anos dende a data de notificación do acordo de concesión da licenza segundo o disposto naquel momento pola LOUGA e RDU de Galicia.*

*Contra este acordo presentouse recurso de reposición polo interesado.*

*En data 15 de decembro de 2015 pola Xunta de Goberno Local acordouse en base ao informe emitido pola técnico xurídico do Departamento de Urbanismo denegar a solicitude de prórroga presentada polo interesado.*

*Contra este acordo preséntase recurso de reposición polo interesado.*

*Non consta no expediente proposta de resolución dos recursos de reposición presentados nin resolución sobre os mesmos.*

*II.- En data 6 de xuño de 2017 preséntase nova solicitude de prórroga, obxecto do presente informe.*

*Consta no expediente informe técnico á solicitude de prórroga, de data 6 de xuño de 2017, no que sinala o seguinte:*

*"Segundo o disposto no artigo 145.2, Caducidade das licenzas da Lei 2/2016 do Solo de Galicia.*

*Os municipios poderán conceder prórroga dos referidos prazos da licenza, logo da solicitude expresa, sempre que a licenza sexa conforme coa ordenación urbanística vixente no momento da concesión da prórroga. Cada prórroga que se solicite non poderá ser por un prazo superior ao inicialmente acordado.*

*A licenza foi concedida, dentro do marco normativo amparado pola Ordenación Urbanística Provisional do Concello de Viveiro, pola Xunta de Goberno Local do 13 de abril de 2011 en execución de sentenza ditada o 27 de maio de 2009 polo Xulgado do Contencioso-Administrativo nº1 de Lugo*

*A Ordenación Urbanística Provisional segue vixente no Concello de Viveiro."*

*III.- Non consta informe sobre o estado de execución das obras.*

*IV.- A vixente normativa, Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do Solo de Galicia, e o Decreto 143/2016, de 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento de desenrolo da referida norma establecen nos seus artigos 145 e 359 respectivamente, o réxime de caducidade das licenzas.*

*En ambos artigos prevese a posibilidade de concesión de prórroga dos prazos de inicio e*





## Concello de Viveiro

---

*remate das obras referidos na licenza, previa solicitude expresa , sempre que a licenza fose conforme coa ordenación urbanística vixente no momento da concesión da prórroga. Cada prórroga que se solicite non poderá selo por prazo superior ao inicialmente acordado.*

*A diferenza da previsión anterior da LOUGA e RDU de Galicia, non se establece que a solicitude deba realizarse con anterioridade ao remate dos prazos para os que se solicita a prórroga, extremo esixido pola anterior normativa.*

*V.- A caducidade das licenzas na vixente normativa do solo de Galicia require da tramitación de procedemento ao efecto con audiencia ao titular da licenza, en termos similares á anterior normativa.*

*Non consta no expediente obrante no Departamento de Urbanismo a tramitación de procedemento de caducidade da licenza para a que se solicita a prórroga.*

*VI.- As disposicións transitorias da actual normativa non fan referencia alguna ao réxime previsto para a prórroga de licenzas concedidas con anterioridade á entrada en vigor da referida normativa, polo que se entende que deberá resultar de aplicación o réxime de prórroga previsto no seu articulado.*

### INFORMO

*Primeiro.- Que atendendo á solicitude presentada polo interesado en data 6 de xuño de 2017, e tendo en conta o sinalado no informe técnico, do que pode concluirse que a licenza é conforme coa ordenación urbanística vixente, en tanto que se informa que a ordenación urbanística actual é a mesma que a vixente no momento de concesión da licenza, cabe o outorgamento de prórroga da licenza de obra concedida, en tanto a mesma non se atopa caducada a día de hoxe.*

*Segundo.- Que os prazos de prórroga a conceder non poden exceder dos inicialmente previstos no acordo de concesión, neste caso, seis meses para o inicio das obras e tres anos para o remate.*

*Terceiro.- No suposto de edificacións iniciadas, a concesión da prórroga estará condicionada a que a edificación sexa acabada exteriormente.*

*Cuarto.- No presente expediente non consta se as obras se atopan iniciadas, polo que previamente á resolución da solicitude de prórroga debería acreditarse dito extremo polo vixiante urbanístico. De terse iniciado as obras a resolución da concesión de prórroga estará condicionada a que a edificación sexa acabada exteriormente."*

Resultando que en data 30 de novembro de 2017 emitíuse informe polo vixiante urbanístico no que se indica que as obras se atopan sen iniciar.

A Xunta de Goberno Local, en base aos informes obrantes no expediente, por unanimidade, acorda:

Primeiro.- Conceder a D. Manuel Dapena González, en nome de FEGILCA, S.L., unha prórroga de seis meses para o inicio das obras e tres anos para o remate das obras autorizadas pola Xunta de Goberno, en sesión celebrada o día 13 de abril de 2011, correspondentes á licenza urbanística URB/137/2007.

Segundo.- Dar traslado deste acordo ó Departamento de Urbanismo ós efectos da súa notificación ó interesado.

---

### Concello de Viveiro

## Concello de Viveiro

---

### EXPTE. 4530/2017 EN RELACIÓN CO EXTPE 1472/2017.

### LICENZA DE OBRA EN RELACIÓN CO EXPTE. DE REPOSICIÓN DE LEGALIDADE URBANÍSTICA.

Visto que en data 28 de xullo de 2017 (nº de rexistro de entrada 4827), presentouse por D. José Cuba Fernández solicitude de licenza urbanística de legalización e remate de obras de reforma interior en vivenda unifamiliar existente no lugar de San Juan Nº8, Celeiro, Viveiro, con referencia catastral 4166109PJ1346N0001WX.

Resultando que consta no expediente de licenza urbanística (expte 4530/2017) informe técnico emitido polo arquitecto municipal de urbanismo, no que se sinala o seguinte:

*"2.1.- Clasificación e cualificación do solo*

*A clasificación do solo segundo a OUP é **solo urbano de baixa densidade**. Ordenanza de aplicación 1.4.*

*2.2.- Descrición da edificación*

*Datos catastrais:*

*referencia catastral nº4166109PJ1346N0001WX*

*2.3.- Descrición das obras a legalizar e a realizar*

*Preséntase un expediente de legalización e execución de obras de reforma interior dunha **vivenda unifamiliar existente**. As obras executadas consisten en demolición execución de parte da estrutura, parte das instalacións e parte dos acabados. As obras arealizar son as dispostas no proxecto achegado para rematar a reforma interior da vivenda.*

*2.4.- Cumprimento da normativa urbanística*

*Non se modifica nin o volume nin a forma. As obras non afectan ao aspecto exterior da edificación nin afectan ás súas fachadas. Mantéñense as características esenciais do edificio, do lugar e da súa tipoloxía orixinaria. As obras de legalización e as obras de remate cumpren coa normativa urbanística de aplicación.*

*2.5.- Cumprimento da normativa técnica aplicábel*

*A arquitecta Susana Pérez Pereiras fai constar que o proxecto cumpre coa normativa técnica aplicábel.*

*2.6.- Orzamento*

*O orzamento de execución material segundo o proxecto presentado ascende a cantidade de 7,385,07 € correspondentes ás obras de legalización, e 7.582,27 € correspondente as obras de execución. Fan un total de **14.967,34 €***

*Conforme, sen prexuízo das inspeccións que por parte do persoal municipal se estimen oportunas con obxecto de comprobar as obras realizadas.*

*2.7.- Fianza*

*Establécese unha fianza de **1.200,00 €** en concepto de garantía para reparación de posibles danos que se podan ocasionar no espazo público á hora de realizar as obras de construción.*

*2.8.- Condicionamentos*

*De ser necesario a ocupación da vía pública deberase solicitar a preceptiva autorización. Extremaranse as medidas de seguridade, sinalización e de protección na vía pública.*

### **3. CONCLUSIÓNS:**





## Concello de Viveiro

---

*Tendo en conta todo o dito anteriormente e atendendo á normativa aplicábel emítese **INFORME FAVORÁBEL**, nas CONDICIÓNS expresadas nos puntos anteriores."*

Resultando que consta no expediente de reposición de legalidade urbanística (expte 1472/2017), informe técnico emitido polo arquitecto municipal de urbanismo, no que se sinala o seguinte:

*"Clasificación e cualificación do solo*

*A clasificación do solo segundo a OUP é **solo urbano de baixa densidade**.  
Ordenanza de aplicación 1.4.*

*- Descrición da edificación*

*Datos catastrais:*

*referencia catastral nº4166109PJ1346N0001WX*

*No informe sobre a infracción urbanística, emitido con data 21 de febreiro de 2017, [expediente 1431/2017], recóllese a existencia dunhas obras que se están a executar sen título habilitante.*

*O Proxecto de legalización e execución, redactado pola arquitecta Susana Pérez Pereiras, inclúe a legalización das obras executadas sen título habilitante e a execución de novas obras de remate."*

Resultando que consta no expediente informe xurídico favorable emitido pola Secretaria Xeral do Concello, realizando as funcións de técnico xurídico de Urbanismo ,no que se indica o seguinte:

*"En base aos seguintes ANTECEDENTES*

*I.- En data 28 de xullo de 2017 (nº de rexistro de entrada 4827), presentouse por D. José Cuba Fernández solicitude de licenza urbanística de legalización e remate de obras de reforma interior en vivenda unifamiliar existente no lugar de San Juan Nº8, Celeiro, Viveiro, con referencia catastral 4166109PJ1346N0001WX.*

*Coa solicitude achega a seguinte documentación:*

*"Proxecto de legalización y finalización de obras de reforma interior en vivienda unifamiliar", asinado pola arquitecta D<sup>a</sup>. Susana Pérez Pereiras, visado polo COAG en data 21/07/2017 co n.º AD27E2FB9094, e oficio de dirección facultativa a favor da citada arquitecta.*

*Xustificante do pagamento dos tributos municipais.*

*II.- En data 26 de setembro de 2017 emitiuse informe técnico polo arquitecto municipal de urbanismo, favorable á solicitude de licenza urbanística referida no punto anterior.*

*No informe técnico sinálase que a clasificación do solo segundo a OUP é solo urbano de baixa densidade, resultándolle de aplicación a Ordenanza 1.4. Indícase que se presenta un expediente de legalización e execución de obras de reforma interior dunha vivenda unifamiliar existente. Sinálase que as obras executadas consisten en demolición execución de parte da estrutura, parte das instalacións e parte dos acabados e as obras a realizar son*

---

## Concello de Viveiro

## Concello de Viveiro

---

as dispostas no proxecto achegado para rematar a reforma interior da vivenda. Respecto ao cumprimento da normativa urbanística maniféstase no informe técnico que non se modifica nin o volume nin a forma; que as obras non afectan ao aspecto exterior da edificación nin afectan ás súas fachada; mantéñense as características esenciais do edificio, do lugar e da súa tipoloxía orixinaria, concluíndo que as obras de legalización e as obras de remate cumpren coa normativa urbanística de aplicación. Respecto ao cumprimento da normativa técnica aplicable sinala que a arquitecta redactora do proxecto fai constar que o mesmo cumpre coa normativa técnica aplicable. Polo que respecta ao orzamento de execución material indícase que, segundo o proxecto presentado ascende a cantidade de 7,385,07 € correspondentes ás obras de legalización, e 7.582,27 € correspondente as obras de execución, facendo un total de 14.967,34 €.

Non consta no informe técnico alusión algunha á necesidade de tramitación de autorizacións ou informes sectoriais para a concesión da licenza solicitada.

III.-En relación co expediente de licenza urbanística referenciado, consta no Departamento de Urbanismo un expediente de reposición de legalidade urbanística, expediente 1472/2017, iniciado mediante Resolución de Alcaldía de data 6 de abril de 2017, relacionado co expte. 1431/2017 que deu lugar á apertura do expte de reposición referido (no que consta denuncia de realización de obras, e informes do vixiante urbanístico e arquitecto municipal).

Este expediente derivou de denuncia sobre a realización de obras no inmovible con referencia catastral 4166109PJ1346N0001WX, sen título habilitante, non adecuándose ao descrito na Comunicación Previa presentada tramitada co nº de expte 808/2016. No escrito de incoación do expediente de reposición da legalidade sinalábase que as obras que se estaban a executar excedían do autorizado en virtude da comunicación previa, indicando que consistían na "eliminación total da estrutura horizontal de planta e a consecuente execución dunha nova estrutura metálica de forxado e as reformas de compartimentación interior implican a presentación de documentación técnica visada e asinada por un arquitecto co correspondente oficio de dirección de obra, que deberá xustificar o cumprimento da normativa de aplicación".

No acordo de inicio do expediente de reposición da legalidade ordenouse a inmediata suspensión das obras, así como a interrupción da prestación dos servizos públicos, e emprazouse aos interesados para que nun prazo de tres meses presentasen proxecto de legalización da referida actuación, no caso de que a mesma sexa obxecto de legalización. Consta no expediente acta da policía local de precintado do inmovible, así como a notificación do acordo á empresa subministradora de abastecemento de auga e á empresa subministradora de enerxía eléctrica para a suspensión do subministro

En base aos seguintes FUNDAMENTOS

I.- O artigo 142 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do Solo de Galicia (LSG), establece no seu apartado segundo os actos suxeitos a licenza urbanística. Entre outros están suxeitos a licenza urbanística "los actos de edificación y uso del suelo y del subsuelo que, con arreglo a la normativa general de ordenación de la edificación, precisen de proyecto de obras de edificación". No mesmo sentido se pronuncia o artigo 351 do Decreto 143/2016, de 2 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei do Solo de Galicia.

A Lei 38/1999, de 5 de novembro, de Ordenación da Edificación establece no seu artigo 2.2 as obras que requiren de proxecto. Entre elas requirirán proxecto as seguintes:

"Todas las intervenciones sobre los edificios existentes, siempre y cuando alteren su configuración arquitectónica, entendiéndose por tales las que tengan carácter de intervención total o las parciales que produzcan una variación esencial de la composición general exterior, la volumetría, o el conjunto del sistema estructural, o tengan por objeto cambiar los usos característicos del edificio."



## Concello de Viveiro

---

*A tenor do disposto no presente punto, as obras obxecto deste expediente requiren de licenza urbanística, segundo o disposto na Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do Solo de Galicia e do seu Regulamento de desenvolvemento, en consonancia coa Lei 38/1999, de Ordenación da Edificación.*

*Segundo se indicou nos antecedentes, o interesado presentou solicitude de licenza urbanística.*

*II.- O procedemento para o outorgamento das licenzas urbanísticas regúlase no artigo 143 da LSG, indicando que "Las licencias se otorgarán de acuerdo con las previsiones de la legislación y del planeamiento urbanísticos". O artigo 352 do Regulamento de desenvolvemento da LSG indica de igual forma que*

*"2. El procedimiento para el otorgamiento de las licencias urbanísticas se tramitará y resolverá conforme a la legislación vigente en materia de régimen local y del procedimiento administrativo común, a las especialidades procedimentales establecidas en la legislación urbanística y el presente reglamento.*

*3. En la tramitación del procedimiento se dará cumplimiento a cuantos trámites y actuaciones vengan establecidos por normas sectoriales en atención al contenido específico de la actuación urbanística de que se trate, en los términos y con los efectos en el procedimiento previstos en las mismas".*

*Para determinar o planeamento urbanístico vixente no Concello de Viveiro debe estarse ao disposto na Disposición Transitoria Primeira da LSG, que establece no seu apartado terceiro o seguinte:*

*"3. Los decretos autonómicos de suspensión del plan que fueron dictados antes de la entrada en vigor de la presente ley mantendrán su eficacia, como norma de derecho transitorio, hasta la fecha de entrada en vigor del correspondiente plan general de ordenación municipal."*

*Segundo o establecido nesta Disposición Transitoria Primeira, o Decreto 102/2006, do 22 de xuño, polo que se suspende a vixencia das normas subsidiarias de planeamento municipal de Viveiro e se aproba a ordenación urbanística provisional ata a entrada en vigor do novo planeamento, modificado polo Decreto 89/2010, mantén a súa vixencia. Segundo se indica no informe técnico, ao inmovible obxecto de actuación resúltalle aplicable a ordenanza 1.4, clasificándose como solo urbano de baixa densidade.*

*III.- Os artigos 143 e 354 da LSG e o seu Regulamento de desenvolvemento establecen a obrigatoriedade na tramitación de licenzas de contar cos informes técnicos e xurídicos sobre a súa conformidade coa legalidade urbanística.*

*No expediente obxecto de informe consta a presentación de licenza, cos preceptivos documentos segundo a normativa de aplicación, constando así mesmo informe técnico favorable no que se manifesta o cumprimento coa normativa urbanística do proxecto presentado.*

*IV.- Tendo en conta a existencia previa de expediente de reposición de legalidade relacionado co presente expediente de licenza urbanística e a suspensión da execución das obras, precintado das mesmas e corte de subministro de servizos acordados na súa iniciación, enténdese que cómpre acordar a resolución do mesmo conxuntamente coa resolución da solicitude de licenza urbanística presentada, en tanto a solicitude de licenza comprenda a legalización da totalidade das obras polas cales se iniciou o expediente de reposición da legalidade, extremo que se entende corroborado co informe técnico emitido*

---

## Concello de Viveiro



## Concello de Viveiro

---

*polo arquitecto municipal de urbanismo en data 1 de decembro de 2017 que consta no expte 1472/2017 onde se fai referencia a que as obras obxecto do expte de reposición da legalidade se atopan englobadas no proxecto presentado.*

*A regulación da protección da legalidade urbanística e a tramitación dos referidos procedementos atópase prevista nos artigos 152 e seguintes da LSG e 375 e seguintes do Regulamento de desenrolo da LSG.*

*O expediente de reposición iniciado mediante Resolución de Alcaldía de data 6 de abril de 2017 (expte 1472/2017) correspóndese coa realización de obras en curso de execución sen título habilitante. O artigo 152 da LSG sinala que, instruído o expediente de reposición da legalidade e previa audiencia ao interesado, se as obras ou usos puidesen ser legalizables por ser compatibles co ordenamento urbanístico, requirirase ao interesado para que no prazo de tres meses presente a solicitude da oportuna licenza ou comunicación previa correspondente, manténdose a suspensión das obras ou usos en tanto esta non fose outorgada ou non se presentase a comunicación previa. No mesmo sentido se pronuncia o artigo 382 do Regulamento da LSG.*

*O acordo de inicio de expediente de reposición da legalidade urbanística pola realización de obras en curso de execución debe conlevar, segundo o disposto no artigo 152 da LSG e 380 do Regulamento de desenrolo debe conlevar a orde de suspensión inmediata das obras como medida cautelar mentres non remate o procedemento, ou se procede, ata que a licenza sexa outorgada. O artigo 380 do Regulamento indica a maiores que co acordo de suspensión a doptaranse as medidas cautelares necesarias para garantir a total interrupción da actividade e a efectividade da resolución que poña fin ao procedemento, enumerando que medidas poderían adoptarse.*

*Segundo consta no expediente 1472/2017, e tal e como se reflexou nos antecedentes do presente informe, co acordo de inicio do procedemento de reposición da legalidade acordouse a suspensión das obras, xunto co precintado e o corte dos subministros de abastecemento de auga e enerxía eléctrica. Neste mesmo acordo de inicio outorgóuselle un prazo de tres meses ao interesado para a presentación de proxecto de legalización.*

*En data 28 de xullo de 2017 presentouse polo interesado solicitude de licenza urbanística para a "legalización e remate de obras de reforma interior en vivenda unifamiliar", obxecto do expte 4530/2017.*

*Segundo se indicou con anterioridade no presente informe, esta solicitude de licenza urbanística conta con informe técnico favorable emitido polo arquitecto municipal de urbanismo, polo que, ao englobar na súa integridade as obras obxecto do expediente de reposición de legalidade urbanística, procede a resolución do mesmo conxuntamente coa resolución da concesión da licenza.*

*O prazo de resolución das solicitudes de licenza establécese pola normativa referida en tres meses, a contar dende a presentación da solicitude coa documentación completa (artigos 143 LSG e 357 Regulamento).*

*O prazo para a resolución do procedemento de reposición da legalidade é de un ano, segundo o establecido nos artigos a52 LSG e 382 Regulamento.*

*O artigo 357.4 do Regulamento de desenrolo da LSG establece que a resolución mediante a que se outorgue a licenza deberá consignar expresamente, como mínimo, os seguintes extremos:*

- a) Clasificación e calificación urbanística do solo btxecto da actuación.*
- b) Finalidade da actuación e uso ao que se destinará.*
- c) Altura, volumes e ocupación de parcela permitidos.*
- d) Orzamento de execución material.*
- e) Situación e emprazamento das obras, coa súa identificación catastral ou coordenadas UTM, así como o número de finca rexistral de atoparse inscrita.*

---

## Concello de Viveiro

## Concello de Viveiro

---

- f) Nome ou razón social da persoa promotora.
- g) Técnico autor do proxecto e, no seu caso, dirección facultativa das obras e técnico coordinador de seguridade e saúde.
- h) Prazos para o inicio e remate das obras e posibilidade de solicitar prórrogas.
- i) Calquer outro dato que se considere oportuno en aplicación da normativa aplicable e das condicións singulares en función da tipoloxía do acto de uso do solo ou do subsolo autorizado.

En base aos antecedentes e fundamentos descritos enténdese que o expediente seguiu a tramitación establecida na lexislación aplicable e que a licenza pretendida, segundo se indica no informe técnico, é conforme coa ordenación urbanística, procedendo a súa resolución pola Xunta de Goberno Local en virtude da delegación de atribucións efectuada pola Alcaldía mediante resolución do 3 de xullo de 2015, polo que se formula a seguinte

### Proposta de resolución:

Primeiro.- Outorgar a D. JOSÉ CUBA FERNÁNDEZ licenza urbanística de legalización e remate de obras de reforma interior en vivenda unifamiliar existente, sita en San Juan Nº8, Celeiro, Viveiro, con referencia catastral 4166109PJ1346N0001WX, segundo o proxecto técnico presentado, asinado pola arquitecta D<sup>a</sup>. Susana Pérez Pereiras, visado polo COAG en data 21/07/2017 co n.º AD27E2FB9094, e oficio de dirección facultativa a favor da citada arquitecta.

Segundo.- As condicións ás que se suxeita son todas as dispostas na normativa de aplicación, referenciando no presente acordo as seguintes:

- De ser necesaria a ocupación da vía pública para a execución das obras, deberá solicitar e obter a previa autorización municipal. Deberán extremarse as medidas de seguridade, sinalización e de protección da vía pública.
- Para o prazo de inicio e remate das obras estarase ao previsto nos artigos 145 da LSG e 359 do Regulamento de desenvolvemento da mesma, nos que se establece que o prazo de inicio non poderá exceder de seis meses e o de remate de tres anos, non podendo interromperse as obras por tempo superior a seis meses.
- Para a concesión de prórroga e caducidade das licenzas estarase ao disposto nos artigos 145 da LSG e 359 do Regulamento de desenvolvemento da mesma.
- Será requisito indispensable en todas as obras dispor, xunto á obra, de copia autorizada da licenza municipal, e nas obras maiores a colocación do cartel indicador en que se faga constar o nome e apelidos das persoas técnicas e directoras e da persoa contratista, ordenanza que se aplica, usos aos que se vai destinar a construción, data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, o número de plantas autorizadas e o número do expediente.
- O interesado deberá depositar nas arcas municipais unha fianza de 1.200,00 € en concepto de garantía para reparación de posibles danos que se podan ocasionar no espazo público á hora de realizar as obras de construción, segundo o disposto no informe técnico.

Terceiro.- Os parámetros urbanísticos das obras solicitadas son os seguintes:

Clasificación e cualificación urbanística do solo obxecto da actuación	SOLO URBANO DE BAIXA DENSIDADE
--	--------------------------------

---

## Concello de Viveiro

## Concello de Viveiro

<i>Finalidade da actuación e uso ó que se destinará.</i>	LEGALIZACIÓN E REMATE DE REFORMA INTERIOR DE VIVENDA UNIFAMILIAR EXISTENTE (USO RESIDENCIAL)
<i>Orzamento de execución material.</i>	14,967,34 EUROS
<i>Situación e localización das obras, coa súa identificación catastral ou coordenadas UTM, así como o número de predio rexistral, de encontrarse inscrito</i>	SAN JUAN nº8, CELEIRO, VIVEIRO REF. CAT.: 4166109PJ1346N0001WX.
<i>Nome ou razón social da persoa promotora</i>	D. JOSÉ CUBA FERNÁNDEZ
<i>Técnico autor do proxecto e, dirección facultativa das obras</i>	ARQUITECTA: D <sup>a</sup> . SUSANA PÉREZ PEREIRAS DIRECCIÓN OBRA: D <sup>a</sup> . SUSANA PÉREZ PEREIRAS
<i>Prazos para o inicio e remate das obras e posibilidade de prórrogas</i>	6 meses para o inicio e tres anos para o remate. Poderase conceder prórroga previa solicitude expresa segundo o previsto na LSG e Regulamento de desenrolo.

*Cuarto.- Arquivo do expediente de reposición de legalidade iniciado mediante Resolución da Alcaldía de data 6 de abril de 2017, nº de expediente 1472/2017, segundo o acordo de concesión de licenza de legalización e remate das obras, recollido no punto primeiro desta proposta de resolución.*

*Quinto.- Ordenar á Policía Local o desprecintado das obras, así como comunicar dito acordo ás empresas subministradoras de abastecemento de auga e enerxía eléctrica para que procedan á restitución dos subministrados."*

A Xunta de Goberno Local, en base aos informes obrantes no expediente, por unanimidade, acorda:

Primeiro.- Outorgar a D. JOSÉ CUBA FERNÁNDEZ licenza urbanística de legalización e remate de obras de reforma interior en vivenda unifamiliar existente, sita en San Juan Nº8, Celeiro, Viveiro, con referencia catastral 4166109PJ1346N0001WX, segundo o proxecto técnico presentado, asinado pola arquitecta D<sup>a</sup>. Susana Pérez Pereiras, visado polo COAG en data 21/07/2017 co n.º AD27E2FB9094, e oficio de dirección facultativa a favor da citada arquitecta.

Segundo.- As condicións ás que se suxeita son todas as dispostas na normativa de aplicación, referenciando no presente acordo as seguintes:

- De ser necesaria a ocupación da vía pública para a execución das obras, deberá solicitar e obter a previa autorización municipal. Deberán extremarse as medidas de seguridade, sinalización e de protección da vía pública.
- Para o prazo de inicio e remate das obras estarase ao previsto nos artigos 145 da LSG e 359 do Regulamento de desenrolo da mesma, nos que se establece que o prazo de inicio non poderá exceder de seis meses e o de remate de tres anos, non podendo interromperse as obras por tempo superior a seis meses.



## Concello de Viveiro

---

- Para a concesión de prórroga e caducidade das licenzas estarase ao disposto nos artigos 145 da LSG e 359 do Regulamento de desenvolvemento da mesma.
- Será requisito indispensable en todas as obras dispor, xunto á obra, de copia autorizada da licenza municipal, e nas obras maiores a colocación do cartel indicador en que se faga constar o nome e apelidos das persoas técnicas e directoras e da persoa contratista, ordenanza que se aplica, usos aos que se vai destinar a construción, data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, o número de plantas autorizadas e o número do expediente.
- O interesado deberá depositar nas arcas municipais unha fianza de 1.200,00 € en concepto de garantía para reparación de posibles danos que se podan ocasionar no espazo público á hora de realizar as obras de construción, segundo o disposto no informe técnico.

Terceiro.- Os parámetros urbanísticos das obras solicitadas son os seguintes:

Clasificación e cualificación urbanística do solo obxecto da actuación	SOLO URBANO DE BAIXA DENSIDADE
Finalidade da actuación e uso ó que se destinará.	LEGALIZACIÓN E REMATE DE REFORMA INTERIOR DE VIVENDA UNIFAMILIAR EXISTENTE (USO RESIDENCIAL)
Orzamento de execución material.	14,967,34 EUROS
Situación e localización das obras, coa súa identificación catastral ou coordenadas UTM, así como o número de predio rexistral, de encontrarse inscrito	SAN JUAN nº8, CELEIRO, VIVEIRO REF. CAT.: 4166109PJ1346N0001WX.
Nome ou razón social da persoa promotora	D. JOSÉ CUBA FERNÁNDEZ
Técnico autor do proxecto e, dirección facultativa das obras	ARQUITECTA: D <sup>a</sup> . SUSANA PÉREZ PEREIRAS  DIRECCIÓN OBRA: D <sup>a</sup> . SUSANA PÉREZ PEREIRAS
Prazos para o inicio e remate das obras e posibilidade de prórrogas	6 meses para o inicio e tres anos para o remate. Poderase conceder prórroga previa solicitude expresa segundo o previsto na LSG e Regulamento de desenvolvemento.

Cuarto.- Acordar o arquivo do expediente de reposición de legalidade iniciado mediante Resolución da Alcaldía de data 6 de abril de 2017, nº de expediente 1472/2017, segundo o acordo de concesión de licenza de legalización e remate das obras, recollido no punto primeiro desta proposta de resolución.

---

## Concello de Viveiro



## Concello de Viveiro

---

Quinto.- Ordenar á Policía Local o desprecintado das obras, así como comunicar dito acordo ás empresas subministradoras de abastecemento de auga e enerxía eléctrica para que procedan á restitución dos subministros.

Sexto.- Dar traslado do presente acordo ao Departamento de Urbanismo para a súa notificación aos interesados.

### **8.- ROGOS E PREGUNTAS.**

E non habendo máis asuntos que tratar, por parte da Sra. Alcaldesa levántase a sesión, sendo as 14:15 horas do día 4 de decembro de 2017, extendéndose de todo o tratado a presente acta, da que eu Secretaria dou fe.